



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O 9 DE FEBREIRO DE 2022

### ASISTENTES

**Sr. Alcalde:** JOSE MUIÑO DOMINGUEZ

**Sres. Concelleiros:** CARLOS ALLO CUNDINS (PP)  
MARÍA ESMERALDA GERPE RODRÍGUEZ (PP)  
SANDRA MÉNDEZ BLANCO (PP)  
SONIA SANDE LISTA  
BEGOÑA TORRADO LEMA (PP)  
JUAN RAMÓN VARELA MARTÍNEZ (GRUPO MIXTO-PSDEG-PSOE)  
DAVID CANCELA GARCÍA (GRUPO MIXTO BNG)  
PERFECTO VÁZQUEZ LEMA (GRUPO MIXTO UxC)

**AUSENTES:** SHEILA RE CAREY VARELA (PP)  
BORJA ANDRADE MONTES (PP)

**SECRETARIA:** MARTA VÁZQUEZ GAREA

**INTERVENTORA:** PATRICIA CHAS FILGUEIRAS

No salón de Plenos do concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 20:00 horas do **9 DE FEBREIRO DE 2022** reúnese en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do alcalde, José Muíño Domínguez, membro do Grupo do PP e con asistencia dos concelleiros arriba indicados, para tratar dos asuntos que configuran a orde do día da presente sesión.

Dá fe do acto a Secretaria desta Corporación, Marta Vázquez Garea. Está tamén presente a interventora municipal, Patricia Chas Filgueiras.

Aberta a sesión pola Presidencia, a secretaria comproba a existencia do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada.

A continuación, procédese a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

### 1.- SOLICITUDE DO POS+ 2022

O alcalde da conta da proposta que figuran no expediente:

**“Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2022”**

Visto que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de novembro de 2021, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022, co seguinte desagregamento para o Concello de Cabana de Bergantiños:

Achega provincial 2022	Achega provincial 2021	Préstamo provincial 2022	Total POS+2022
191.496,86 €	140.539,02 €	14.362,26 €	346.398,14 €

Así, e polo exposto, PROPOÑO AO PLENO:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia**

**municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	80.408,13€
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>80.408,13 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Pavimentación en calle de Campo de fútbol	111.088,73 €	-	-	-	111.088,73 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>111.088,73 €</b>	-	-	-	<b>111.088,73 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Reparación de carreteras municipais: Bello-Buzaco, Beres, Monelos y A Mata-Folgozo"	140.539,02 €	3.045,40 €	-	3.045,40 €	143.584,42 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>140.539,02 €</b>	<b>3.045,40 €</b>	-	<b>3.045,40 €</b>	<b>143.584,42 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**a) Resumo:**

		<b>Concello</b>			
<b>POS+ 2022 RESUMO DE</b>			<b>IVE</b>		



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
www.concello-cabana.es  
cabana@concello-cabana.es

FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	Soportado deducible (só abastecement auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	80.408,13€				80.408,13 €
	B- INVESTIMENTOS					
	Achega 2022	111.088,73 €	-	-	-	111.088,73 €
	Achega 2021	140.539,02 €	3.045,40 €	-	3.045,40 €	143.584,42 €
	<b>TOTAL</b>	<b>332.035,88 €</b>	<b>3.045,40 €</b>	-	<b>3.045,40 €</b>	<b>335.081,28 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecement o auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecement o auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecement o) (C= A-B)
Reparación de carreteras municipais: Briño, Rieiro, Cruz do Cabalo-Fontefría, Folgoso, A Cuncha, Frinle	101.829,73 €	-	--
Pavimentación en Áspera	128.236,59 €	-	--
<b>TOTAIS</b>	<b>230.066,32 €</b>		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia

Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Quenda de intervencións:

David Cancela:

1. Non vexo que se invirta en saneamento, solo hai asfaltado. ¿Non hai carencias?

Alcalde: os proxectos do campo de fútbol e Áspera levan todos os servizos, pero non dan os cartos para todo. Son 330.000 €, pouco para as carreteras que temos.

David Cancela: está ben facelo, pero me extrana que non haxa mas puntos deficitarios urxentes, e que non haxa mais proxectos de abastecemento ou saneamento.

Alcalde: non temos coñecemento. Os últimos proxectos xa foron a depuradora do Lodeiro, detrás do Monte Blanco, o abastecemento en Anos e depuradora de Corcoesto.

2. Sorprendeume que na obra do campo de fútbol quedou a “casa da pradera” aillada. Falamos do POS social e deixamos esa casa así.

Alcalde: de aí para adiante non hai cesións e leva todos os servizos e se agota o presuposto. Ademáis alí hai que anhear algo. Houbo algo de lío. Polo outro lado pasa o mesmo.

Perfecto Vázquez: o problema son os cartos. Pero que hai que ir mirando financiación porque nas parroquias, por exemplo Rioboo, hai pistas que non se pasa fai 20 anos. Das Revoltas cara Pedracuca, a que via a Fontefría... son tramos moi longos.

Alcalde: imos indo por todo.

Perfecto Vázquez: ¿e a pista de Dombate?

Alcalde: a de Dombate ten saída a Fornelos; ten que haber fincas do PAC. Os do PEIM obrigan a terminalas en asfalto.

Juan R. Varela: ¿entón cada vez nos conceden menos cartos?

Alcalde: logo hai repartos... pero 300.000 € para un concello coma este é pouco. Cada vez vai haber menos baixas.

Perfecto Vázquez: si, tal e como están os precios... ¿o préstamo é ao cero?

Interventora: a nós non nos compensa solicitalo. Solo é para amortizar débeda.

Sometido o asunto a votación, este é aprobado pola maioría absoluta dos votos do seguinte xeito:

Votos a favor: PP (6), Grupo Mixto (1 UxC e 1 PSOE).

Abstencións: Grupo Mixto (1 BNG).

Así, o Pleno **ACORDA:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
www.concello-cabana.es  
cabana@concello-cabana.es

achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

## A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	80.408,13€
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>80.408,13 €</b>

## B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Pavimentación en calle de Campo de fútbol	111.088,73 €	-	-	-	111.088,73 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>111.088,73 €</b>	-	-	-	<b>111.088,73 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Reparación de carreteras municipais: Bello-Buzaco, Beres, Monelos y A Mata-Folgoso”	140.539,02 €	3.045,40 €	-	3.045,40 €	143.584,42 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>140.539,02 €</b>	<b>3.045,40 €</b>	-	<b>3.045,40 €</b>	<b>143.584,42 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

### b) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só	Total concello	

				<b>abastecem · auga potable )</b>		
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2022</b>	80.408,13€				80.408,13 €
<b>B- INVESTIMEN TOS</b>	<b>Achega 2022</b>	111.088,73 €	-	-	-	111.088,7 3 €
	<b>Achega 2021</b>	140.539,02 €	3.045,40 €	-	3.045,4 0 €	143.584,4 2 €
	<b>TOTAL</b>	<b>332.035,8 8 €</b>	<b>3.045,40 €</b>	-	<b>3.045, 40 €</b>	<b>335.081, 28 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecement o auga potable) (A)</b>	<b>IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecement o auga potable) (B)</b>	<b>Orzamento subvencionabl e (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecement o) (C= A-B)</b>
Reparación de carreteras municipais: Briño, Rieiro, Cruz do Cabalo-Fontefría, Folgozo, A Cuncha, Frinle	101.829,73 €	-	--
Pavimentación en Áspera	128.236,59 €	-	--
<b>TOTAIS</b>	<b>230.066,32 €</b>		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## 2.- SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2022 (POS SOCIAL)

O alcalde expón a proposta que figura no expediente:

“O Pleno da Deputación Provincial aprobou en data 26/11/2021 as bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2022, incluíndo unha achega extraordinaria para o financiamento de gastos sociais, asignando ao Concello de Cabana de Bergantiños 67.023,89 €.

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	67.023,89 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	67.023,89 €

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2022</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)</b>
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.  O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	17.023,89 €		17.023,89 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores,	3.000,00 €		3.000,00 €

<p>persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	35.000,00 €		35.000,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	12.000,00 €		12.000,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>67.023,89 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>67.023,89 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>67.023,89 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>67.023,89 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Quenda de intervención:

David Cancela: antes o concello poñía un 20% pero xa se me dixo na Comisión que agora non é obrigatorio. ¿Poderíamos aportalo igualmente?

Alcalde: xa se aporta. Eles danche os cartos e nos os repartimos onde faga falta.

David Cancela: eu igual poñería os cartos noutro sitio.

Juan R. Varela: ¿Óscar Cabana é o novo traballador social?





# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

Alcalde: en Servizo Sociais temos a traballadora social, a auxiliar e outro traballador social. Deste último non tiñamos necesidade ao 100% e por eso fixemos un convenio con Laxe para ter este servizo cada concello ao 50%. Gracias ao personal deste concello se fixo a selección. Pero o día que marche daremos feito co personal que xa temos de sempre, porque Óscar Cabana solo leva este programa.

Juan R. Varela: mentres o grifo bote auga, hai piscina.

Alcalde: así é.

David Cancela: en relación á violencia de xénero, no apartado b) vexo que solo hai 3.000 €; ¿Poderíamos facer algo do que aportei noutras ocasión nalgunha moción (oficina da muller, axudas...)?

Alcalde: non son compartimentos estancos. Se non hai nada deso se pasa ós outros caixóns e viceversa. Eso no lo dirá a traballadora social.

Sometido o asunto a votación, este é aprobado pola maioría absoluta dos votos do seguinte xeito:

Votos a favor: PP (6), Grupo Mixto (1 UxC e 1 PSOE).  
Abstencións: Grupo Mixto (1 BNG).

Así, o Pleno **ACORDA**:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	67.023,89 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	67.023,89 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.	17.023,89 €		17.023,89 €

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.  As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	3.000,00 €		3.000,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.  O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	35.000,00 €		35.000,00 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	12.000,00 €		12.000,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>67.023,89 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>67.023,89 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>67.023,89 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>67.023,89 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)

[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

---

**E non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde dá por rematada a sesión sendo as 20:34 horas, da que se extende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, secretaria, dou fe e certifico.**

A Secretaria. Marta Vázquez Garea.

O Alcalde. José Muíño Domínguez.

*Documento asinado dixitalmente*